

A AELG reclama unha intelixencia artificial xenerativa “sostíbel” que respecte os dereitos de autor

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega fixo público un manifesto no que denuncia o uso de obras literarias para adestrar sistemas de IA sen autorización nin compensación e pide ás administracións medidas para garantir os dereitos das persoas creadoras.

Redacción 06 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/social/aelg-reclama-intelixencia-artificial-xenerativa-sostibel-que-respecte-dereitos-autor/20260306140321249505.html>

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) **fixo público un manifesto no que reclama unha regulación clara e xusta do desenvolvemento da intelixencia artificial xenerativa (IAX)**, advertindo do impacto que estas tecnoloxías poden ter sobre os **dereitos de autor e sobre o traballo creativo**. O texto, ademais, está [aberto á adhesión](#) de todas aquelas persoas que desexen apoialo.

A entidade denuncia que moitos sistemas de IA están a ser **adestrados empregando obras literarias sen autorización** nin compensación para as persoas creadoras.

No texto, a AELG alerta de que **este modelo supón un “espolio”** das obras de escritores e escritoras, tradutores e tradutoras, e reclama ás administracións públicas medidas para garantir que o desenvolvemento destas ferramentas respecte os dereitos de autor, a **privacidade da cidadanía e criterios de sustentabilidade social e ambiental**. A continuación, reproducimos integramente o manifesto.

Manifesto completo por unha intelixencia artificial xenerativa sostíbel

Desde hai anos fórmase a necesidade de realizar políticas acordes cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel que aborden, entre outros fins, o respecto aos dereitos humanos, entre os que se atopan os dereitos de autor.

Con todo, a aparición dos servizos dixitais ocultou esa necesidade, impulsando un auténtico espolio das nosas obras pola vía dos feitos consumados, dándolle acubillo legal ou utilizando os nosos dereitos como moeda de cambio diante doutros intereses económicos, o que intensificou o empobrecemento do traballo de escritores/as, tradutores/as e a deterioración do patrimonio cognitivo e cultural común..

Ese espolio ou expropiación forzosa dos nosos dereitos estase acelerando co desenvolvemento da intelixencia artificial xenerativa (IAX). Os desenvolvedores de IAX fixeron e fan o seu traballo baixo o principio de “todo vale”, o que non resulta sostíbel. Construír un software utilizando as nosas obras como materia prima e, despois, impornos un modelo de negocio para desfrutar desa nova infraestrutura, é inxusto e abusivo.

Ante a falta de respecto ao traballo de escritores/as e tradutores/as solicitamos que:

- Se protexan cunha decidida, transparente e transversal acción pública os bens esenciais para a vinculación da sociedade, entre os que se atopan as nosas obras e os valores sociais implícitos nas mesmas.
- Se establezan como único camiño para o desenvolvemento de software de IAX as obrigas de solicitar autorización, remunerar e dar información suficiente e detallada aos/ás creadores/as, de igual xeito que se establecen principios irrenunciábeis no desenvolvemento doutros produtos que afectan á cidadanía. Sen dereitos claramente establecidos e respectados, estes desaparecen.
- Non se acepte a promoción dun novo contrato social que “branquee” o uso non autorizado das nosas obras no desenvolvemento de software de IAX pola vía dos feitos. Para iso é indispensable que as Administracións Públicas non implanten nin usen software de IAX que non fosen desenvolvidos cun respecto pleno, non só aos nosos dereitos, senón tamén aos dereitos de privacidade da cidadanía e o respecto ao medio ambiente.